

Concello do Grove

TEXTO REFUNDIDO DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE

- Texto íntegro publicado no BOPPO nº230, do 29 de novembro de 2013.
- Modificación do artigo 3º publicado no BOPPO nº248, do 29/12/2016.
- Modificación do artigo 6º publicado no BOPPO nº148 de data 04/08/2021 (incorpórase o apartado 6.2 para a regulación das fugas de auga).
- Modificación do artigo 6º.2 publicado no BOPPO nº22 de data 03/02/2025 (nova regulación das fugas de auga).

Artigo 1º. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polo artigo 133.2 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 20.4.t do RDLeg 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais,, este Concello establece a Taxa por Suministro e Distribución de Agua, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo municipal de subministración de auga a domicilio para usos domésticos, industriais ou especiais. Estes últimos comprenden o subministro para obras e todos aqueles que non sexan utilizados en actividades industriais nin domésticas, segundo o establecido na Ordenanza Xeral reguladora da subministración.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, establecementos e instalacións de calquera uso, sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista ou arrendatario, onde este establecido o servizo de subministración de auga potable, ben porque o soliciten ou ben porque resulten beneficiadas ou se sirvan deste.

2.- Son suxeitos pasivos obrigados ao pagamento da taxa, na súa condición de substitutos dos contribuíntes, os propietarios dos inmobles, xa sexa das vivendas

Concello do Grove

locais, ou instalacións, os cales poderán repercutir, de ser o caso, as cotas satisfeitas aos usuarios daqueles, beneficiarios do servizo.

Artigo 4º. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 46 Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Beneficios fiscais.

Soamente se admitirán nesta Taxa as exencións e bonificacións que veñan establecidas en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

En casos excepcionais, e previo informe xustificativo do Departamento de Servizos Sociais, onde se poña de manifesto a imposibilidade de facer fronte ao pago do tributo, a Xunta de Goberno Local poderá acordar a exención, por un tempo determinado que non poderá ser superior ao semestre, do obrigado tributario ao pago da taxa.

Artigo 6º. Cota tributaria.

6.1 As tarifas desta Taxa serán as que figuran no cadro seguinte e responden a cantidade de agua consumida por intervalos de metros cúbicos e usos para os que se utiliza.

TARIFAS SEMESTRAIS					
USOS	TRAMOS/SEMESTRAIS	BASE IMP		IVA 10%	TOTAL TARIFA
DOMÉSTICOS	Cuota Fixa Mínima	14,50 €		1,45 €	15,95 €
	de 0 a 90 m3	0,171 €/m3/sem		0,017	0,188 €/m3/sem
	de 91 a 150 m3	0,192 €/m3/sem		0,019	0,211 €/m3/sem
	más de 150 m3	0,207 €/m3/sem		0,021	0,228 €/m3/sem
INDUSTRIALES	Cuota Fixa Mínima	44,55 €		4,46 €	49,01 €
	de 0 a 150 m3	0,207 €/m3/sem		0,021	0,228 €/m3/sem
	de 151 a 420 m3	0,264 €/m3/sem		0,026	0,290 €/m3/sem
	más de 420 m3	0,285 €/m3/sem		0,029	0,314 €/m3/sem
ESPECIALES	Cuota Fixa Mínima	44,55 €		4,46 €	49,01 €
	de 0 a 150 m3	0,207 €/m3/sem		0,021	0,228 €/m3/sem
	de 151 a 420 m3	0,264 €/m3/sem		0,026	0,290 €/m3/sem
	más de 420 m3	0,285 €/m3/sem		0,029	0,314 €/m3/sem

Concello do Grove

6.2 Consumo desproporcionado por fuga de auga: Segundo o disposto no artigo 23 da ordenanza xeral reguladora do servizo de subministración de auga potable, os contadores forman parte das instalacións interiores, polo que serán de titularidade de cada usuario, sendo responsabilidade deste o seu mantemento e, de ser o caso, a súa substitución en caso de avaría, que deberá ser autorizada previamente polo servizo de augas.

En todo caso, si no período de facturación se constatar a existencia dunha fuga de auga na rede interna de subministro do suxeito pasivo e esta fóra debidamente acreditada, como consecuencia dun feito fortuíto non atribuíble á negligencia do usuario, e o contador rexistrase un volume desproporcionado de consumo en virtude desta fuga, facturarase ao suxeito pasivo as tarifas establecidas na ordenanza fiscal vixente da taxa por subministración de auga potable (auga, IVE e canon da Xunta de Galicia), quedando liberado do pago da taxa pola prestación do servizo de redes de sumidoiros e depuración de augas residuais.

Para a aplicación desta regulación sobre fugas deberá resultar acreditada:
A involuntariedade das perdas e a ausencia de culpa ou negligencia.

Que o suxeito pasivo tome as medidas necesaria para reparar a fuga no prazo máximo dunha semana desde que tivo coñecemento da existencia da fuga. Cando esta data non se coñeza, entenderase que o contribuínte tivo coñecemento da existencia da fuga no momento en que se lle notifique a factura da auga correspondente ao período en que se produciu a fuga.

Unha vez emitido informe polo Servizo municipal de augas, o usuario deberá presentar:

- a) Solicitude.
- b) Factura orixinal do fontaneiro ou empresa que efectuou a reparación, na que se faga constar a clase e data da reparación realizada.

O prazo máximo para solicitar a aplicación destas tarifas será dun mes desde que tivo coñecemento da existencia da fuga.

Artigo 7º. Devengo.

1. Devéngase a Taxa e nace a obrigação de contribuír dende o momento en que se conceda a autorización para a conexión a rede xeral tal como dispón a ordenanza municipal reguladora do suministro.

No caso de servirse do subministro sin autorización, nace a obrigação de contribuir dende o momento en que aquel se houbese producido, sin perxuicio das sancións a que dera lugar.

2. Unha vez sea concedido ou utilizado o servizo as cotas devengaranse semestralmente o primeiro día do período que sinala a tarifa da Taxa, ou se é o caso, na data que se realice o feito impositivo.

Artigo 8. Liquidación e periodo impositivo.

Concello do Grove

1. O período impositivo coincidirá con semestres naturais.
2. A liquidación de alta da taxa realizarase pola aplicación da tarifa establecida sobre o consumo do período, e notificarase individualmente, seguindo o procedemento de ingreso establecido no Regulamento Xeral de Recaudación.
3. Unha vez producida a alta no correspondente padrón a liquidación e ingreso desta Taxa acomodarse ao procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula, etc.), mediante notificación colectiva a través de Bandos que establecerán os períodos de ingreso.
4. No caso de non poder tomarse lectura do contador por non estar en funcionamento, a liquidación farase sobre a media das dúas últimas lecturas se existisen, en caso contrario, liquidarase sobre a media do consumo do período para os usos iguais o que se pretende liquidar.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogada a anterior ordenanza reguladora da taxa pola subministración e depuración de auga e todas aquelas disposicións de menor ou igual rango que contradigan o disposto no presente texto.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente modificación da ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da corporación local, entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.